

ACTA N.º 13/2013
SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA O 19 DE DECEMBRO
DE 2013

ASUNTOS

I.- *PARTE RESOLUTIVA*

I.1.- TOMA DE POSESIÓN COMO CONCELLEIRO DE D. ANTONIO SOUTO MARTÍNEZ

I.2.- ACTA ANTERIOR

I.3.- PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE NIGRÁN: RECURSO DE REPOSICIÓN FRONTE Á APROBACIÓN INICIAL

I.4.- MOCIÓN DO CONCELLEIRO D. ANTONIO FERNÁNDEZ COMESAÑA, DO GRUPO MIXTO, INSTANDO A RETIRADA DO CONCELLO DA APLU (AXENCIA DA PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA)

I.5.- MOCIÓN DO CONCELLEIRO D. ANTONIO FERNÁNDEZ COMESAÑA, DO GRUPO MIXTO, SOBRE INSTAR Á CMATI A FORMALIZAR CONVENIO PARA COMPLETAR A URBANIZACIÓN DA RÚA RANS (PO-3340)

II.- *CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO*

II.1.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

II.2.- ROGOS E PREGUNTAS

ASISTENTES:

Grupos:

Alcalde-Presidente:

- PP:

- D. Alberto Valverde Pérez

Concelleiros/as:

- PP:

- D. Alberto García Pazos
- D.^a Liliana Silva Pequeño
- D. José Álvarez Valverde
- D.^a M.^a Carmen Alonso Macías Jorroto
- D.^a Rosa Rodríguez Rodríguez
- D.^a M.^a José Pino Fernández
- D. Antonio Souto Martínez

- PSOE:

- D. Juan Antonio González Pérez
- D.^a M.^a Dolores Araujo Duarte
- D.^a M.^a Dolores Martínez Losada
- D. Rubén Rial Sánchez
- D. Manuel Doldán Costas
- D.^a Ana Pérez Pérez

- MIXTO:

- D. Xavier Rodríguez Fernández
- D. Antonio Fernández Comesaña

- Non Adscrito:

- D. Ignacio Vilas González

Interventor: D. Modesto Solla Sanz

Secretario: D. Julio César Doallo Álvarez.

Outros datos da sesión:

- *Data:* Xoves, 19 de decembro de 2013.
- *Lugar de celebración:* Salón de Sesións da Casa Consistorial de Nigrán
- *Carácter da sesión:* ordinaria.
- *Convocatoria:* primeira.
- *Hora de comezo:* 10:03
- *Hora de remate:* 12:28
- *Número legal de membros da Corporación:* 17
- *Número de membros asistentes no momento da constitución:* 17
- *Membros non asistentes:* Ningún

Incidencias:

- a) Alteracións no *quórum* de asistencia: Non se producen.
- b) Outras incidencias: Non se recollen.

Coas circunstancias sinaladas celebrouse, en acto público, a sesión plenaria á que se refire a presente acta, na que se trataron os asuntos que seguidamente se describen, respecto dos que se adoptaron os acordos que se fan constar:

I.- PARTE RESOLUTIVA

I.1.- TOMA DE POSESIÓN COMO CONCELLEIRO DE D. ANTONIO SOUTO MARTÍNEZ

Como consecuencia da renuncia da Concelleira do Partido Popular *D.ª Ana Rosa Costas Abalde*, a Xunta Electoral Central expediu credencial en favor do seguinte candidato da lista electoral *D. Antonio Souto Martínez*.

Estando presente o designado, prestou xuramento de cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleiro con lealdade a El-Rei e gardar e facer gardar a Constitución como Norma Fundamental do Estado, segundo dispón o artigo 108.8 da Lei Orgánica 5/85, do 19 de xuño, e tomou posesión do seu cargo.

Acto seguido dáse conta do escrito asinado polo Portavoz do grupo Popular e polo novo Concelleiro comunicando a integración deste no grupo Popular.

Tamén se informa do escrito do mesmo grupo referido a cambios nos seus representantes nas distintas Comisións Informativas.

En consecuencia a composición das Comisións Informativas queda da seguinte forma:

1.- Comisión Especial de Contas:

	Titulares	Suplentes
Grupo PP	D. Alberto García Pazos D ^a . M ^a José Pino Fernández D ^a . M ^a del Carmen Alonso-Macías Jorreto D. Antonio Souto Martínez	D. José Álvarez Valverde D ^a . Liliana Silva Pequeño D. José Álvarez Valverde D ^a . Rosa Rodríguez Rodríguez
Grupo PSOE	D ^a . M ^a Dolores Martínez Losada D. Rubén Rial Sánchez D. Manuel Doldán Costas	D ^a . M ^a Dolores Araujo Duarte D ^a . Ana Pérez Pérez D. Juan A. González Pérez
Grupo MIXTO	D. Antonio Fernández Comesaña	D. Xavier Rodríguez Fernández

2.- **Comisión de Urbanismo:**

	Titulares	Suplentes
Grupo PP	D. Alberto García Pazos D ^a . M ^a del Carmen Alonso-Macías Jorreto D^a. M^a José Pino Fernández	D^a. Liliana Silva Pequeño D. José Álvarez Valverde D ^a . Rosa Rodríguez Rodríguez
Grupo PSOE	D. Juan A. González Pérez D ^a . Ana Pérez Pérez D. Manuel Doldán Costas	D ^a . M ^a Dolores Martínez Losada D ^a . M ^a Dolores Araujo Duarte D. Rubén Rial Sánchez
Grupo MIXTO	D. Xavier Rodríguez Fernández	D. Antonio Fernández Comesaña
Non adscrito	D. Ignacio Vilas González	

3.- **Comisión de Asuntos Xerais:**

	Titulares	Suplentes
Grupo PP	D. Alberto García Pazos D ^a . M ^a José Pino Fernández D ^a . M ^a del Carmen Alonso-Macías Jorreto D. Antonio Souto Martínez	D ^a . Liliana Silva Pequeño D. José Álvarez Valverde D ^a . Rosa Rodríguez Rodríguez D ^a . Liliana Silva Pequeño
Grupo PSOE	M ^a . Dolores Araujo Duarte D ^a . Ana Pérez Pérez D. Rubén Rial Sánchez	D. Manuel Doldán Costas D ^a . M ^a Dolores Martínez Losada D. Juan A. González Pérez
Grupo MIXTO	D. Xavier Rodríguez Fernández	D. Antonio Fernández Comesaña

I.2.- ACTA ANTERIOR

A acta que se somete á aprobación corresponde á sesión de data: 28 de novembro de

2013.

Preguntando o Sr. Presidente se algún membro da Corporación ten algo que obxectar á acta da sesión sinalada, distribuída coa convocatoria, intervén:

D. Ignacio Vilas González, concelleiro non adscrito: Non hai nada na acta que ampare a noticia publicada na prensa referida a que el se pronunciou en contra do comunicado sobre a doutrina Parot, no que se apoiaba ás familias dos asasinados en Nigrán. Pregunta ao Alcalde de onde sae esa noticia, xa que nin houbo votación nin nada que leve a esa conclusión, e como pretende con esta mentira desprestixiar a membros da Corporación. Pídelle que se absteña de mandar este tipo de notas de prensa, deixando que os medios fagan o seu traballo. Se con isto pretende que abandone a Corporación, non o vai conseguir.

Sr. Alcalde-Presidente: Non se mandou ningunha notificación sobre ese asunto a ningún medio de comunicación. O Alcalde non ven ao pleno a aclarar notas de prensa. No pleno había dous periodistas que tomaban notas. Só tivo unha intervención nunha emisora de radio, na que dixo que todos os membros da Corporación se sumaran a ese comunicado.

Sr. Vilas González: Ten aquí a nota de prensa remitida polo Concello.

Votación e acordo. Sometida á votación a acta da sesión do 28 de novembro de 2013, queda aprobada cos votos a favor de 16 Concelleiros e a abstención do novo membro da Corporación, *Sr. Souto Martínez*.

I.3.- PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE NIGRÁN: RECURSO DE REPOSICIÓN FRONTE Á APROBACIÓN INICIAL

A Comisión Informativa de Urbanismo do 12 de decembro de 2013, formula ao Pleno a seguinte proposta:

Expte. nº: 2007/090S

Na sesión extraordinaria celebrada o día 14 de xuño de 2013, o Pleno do Concello, por nove votos a favor dos Concelleiros do grupo municipal do PP e oito en contra dos pertencentes aos grupos municipais PSOE e mixto, acordou aprobar inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Nigrán.

O 23 de xullo de 2013 (registro de entrada n.º 9682) D. Antonio Fernández Comesaña, concelleiro do grupo mixto, interpuxo recurso de reposición fronte ao mesmo.

A Lei 30/1992, de 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LPC) no art. 117.1 di: El plazo para la interposición del recurso de reposición será de un mes, si el acto fuera expreso.

O R.D. 2568/1986, de 28 novembro, Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF) no art. 211.3 sinala: "El plazo para interponer recurso de reposición por los Concejales o miembros de las Corporaciones locales que hubieran votado en contra del acuerdo se contará desde la fecha de la sesión en que se

hubiera votado el acuerdo.”

Polo tanto, entre a data da sesión na que se votou o acordo recorrido e a de interposición do recurso de reposición transcorreu un prazo superior ao mes, polo que o recurso resulta extemporáneo. Deste xeito, xa non corresponde analizar a cuestión de fondo, nin outros aspectos que tamén poderían conducir á inadmisión, como o de que se estaría impugnando un acto de trámite.

Á vista do sinalado, propónse ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Non admitir, por extemporáneo, o recurso de reposición interposto por D. Antonio Fernández Comesaña o 23 de xullo de 2013 (registro de entrada n.º 9682) contra o acordo plenario do 14 de xuño de 2013, que aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Nigrán, ao presentarse fóra do prazo legalmente establecido.

SEGUNDO.- Indicar que este acordo pon fin á vía administrativa polo que contra a mesma cabe interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o correspondente Xulgado do Contencioso-Administrativo ou Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, segundo a distribución de competencias que se contén na lei 29/1998 do 13 de xullo, no prazo de dous meses. Todo sen prexuízo de que se poida exercer, no seu caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto: Refírese ao seu recurso, e dálle lectura. Estamos nun momento no que xa non se pode paralizar a exposición pública tal e como se pedía. Lamenta que o proceso do Plan teña unhas circunstancias de incumprimentos a pesar de que aínda estamos na fase inicial. Parece que o Alcalde só buscaba un éxito parcial de acadar a aprobación inicial. Pode que non se chegue a aprobar nunca. El xa advertira das deficiencias que o poden invalidar. Non vai entrar no tema do prazo do recurso, pero en todo caso o Pleno non levantou os reparos da Intervención. Ademais ao fallar a base cartográfica do Plan a viabilidade é moi dubidosa, sen entrar noutras cuestións de fondo. Aínda sendo crítico, brinda o seu apoio para melloralo.

Sr. Alcalde-Presidente: O recurso está fóra de prazo e ademais é un acto de trámite. No aspecto político, critica a posición do recorrente, que non quere que o Plan se aprobe. O Plan segue o seu curso e o recorrente parece que pretende que se volva atrás. Hai cousas que mellorar, e así se recoñeceu na aprobación inicial, incluída a cartografía, pero contratouse así. Hai que ser realistas. O que se necesita é que se aprobe definitivamente. Esta semana chamará aos portavoces para tratar da cuestión do procedemento. Se quere colaborar están abertos.

D. Juan Antonio González Pérez, do grupo socialista: Dálle a benvinda ao novo Concelleiro. Apoia a Ignacio Vilas na consideración de que o Alcalde mandou unha nota de prensa na que sinalaba que tanto aquel coma o PSOE non apoiaban a declaración da doutrina Parot. Sobre a cuestión, non estamos debatendo unha moción para que se anule o Plan. A maioría do goberno adoptou a postura de aprobar inicialmente o PXOM. A eles non lles vale calquera plan. Aquí o que se debate é o recurso, que, polo que se di no informe do Secretario, é

extemporáneo.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto: Despois de dar a benvinda a D. Antonio Souto, sinala que Comisión propón a desestimación do recurso por extemporánea. Dado que non se entra no fondo, absterase.

Sr. Fernández Comesaña: O Alcalde non calibrou que as maiorías poden perderse, e que o que se lle propuña era que se corrixe o que estaba mal, porque o que se debe é acadar un plan en condicións. A propia Xunta indica a necesidade de corrixis as deficiencias sinaladas nos informes. Segue mantendo a súa vontade de colaborar. Tamén saúda ao novo Concelleiro.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 9; PP e o Sr. Vilas González, non adscrito
- Votos en contra: 1; Sr. Fernández Comesaña, do grupo Mixto.
- Abstencións: 7; PSOE e Sr. Rodríguez Fernández, do grupo Mixto.

Coa maioría sinalada o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta da Comisión Informativa.

I.4.- MOCIÓN DO CONCELLEIRO D. ANTONIO FERNÁNDEZ COMESAÑA, DO GRUPO MIXTO, INSTANDO A RETIRADA DO CONCELLO DA APLU (AXENCIA DA PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA)

A Comisión Informativa de Urbanismo celebrada o 12 de decembro de 2013, acordou dictaminar desfavorablemente a seguinte moción presentada polo concelleiro Sr. Fernández Comesaña (UCN), do grupo mixto:

Exposición de Motivos:

PRIMERO.- El Ayuntamiento Pleno, en sesión celebrada el 25 de Febrero de 2009, aprobó el convenio de adhesión del Ayuntamiento de Nigrán a la Agencia de Protección de la Legalidad Urbanística (APLU), convenio suscrito el 9/3/2009 y publicado en el DOG el 20/4/2009.

SEGUNDO.- En sesión plenaria de fecha 23/2/2011, se presenta moción por los concejales no adscritos (antes BNG), en la que se aprueba, con los votos de PP, UCN y no adscritos, revocar la delegación de competencias municipales en la Agencia de Protección de la Legalidad Urbanística (APLU), y en consecuencia, iniciar expediente administrativo para la retirada del Ayuntamiento de Nigrán, del citado ente público.

TERCERO.- Con fecha 14/3/2011, la Directora de la Agencia de Protección de la Legalidad Urbanística (APLU), señala que la actividad de la Agencia en relación con el Ayuntamiento de Nigrán, experimento en el año 2010 un incremento en relación con el año anterior, pasando de 3 expediente incoados en el 2009 a 12 en el 2010. Teniendo en cuenta lo indicado, el Ayuntamiento Pleno, en sesión celebrada el 30/3/2011, aprobó con los votos PSOE y PP, "suspender durante 6 meses la tramitación del procedimiento de retirada del Concello de Nigrán de la Agencia, para confirmar si la tendencia se mantiene o no en el presente ejercicio

y adoptar, a la vista de los resultados, la resolución que proceda".

CUARTO.- A nuestro entender, lejos de mejorar la situación, ésta ha ido a peor, dado que, a la falta de información sobre los expedientes tramitados por la Agencia, relativo a infracciones urbanísticas, multas coercitivas impuestas, expedientes incoados, resueltos y en tramitación etc., se une la falta total de ingresos a favor del Ayuntamiento de Nigrán, que a lo largo de los últimos cuatro años ha sido de 0 euros, (cuando en el convenio figura percibir el 50%), lo que viene a demostrar la escasa actividad de la Agencia, máxime teniendo en cuenta el elevado volumen de expedientes remitidos, que a falta de datos precisos, podemos estimar en más de 350 enviados por el Ayuntamiento y en poder de la Agencia.

QUINTO.- En el pleno celebrado el 29/11/2012, se formularon por nuestro grupo varias preguntas, en el sentido de conocer el balance de éstos años, ingresos percibidos por infracciones y multas, número de expedientes remitidos y su situación etc., a lo que un año después todavía no obtuvimos respuesta, más allá de confirmar que los ingresos han sido de 0€, y que en Santiago, es el Concello que más espacio físico ocupa con expedientes.

SEXTO.- Lejos de conocer la eficacia en la gestión, solo se perciben pequeños efectos mediáticos (con infractores menores), como ha sucedido recientemente con el derribo de un galpón en As Angustias, pero nada se sabe de grandes infractores que acumulan más de un centenar de expedientes, entre ellos, graves infracciones en suelo especialmente protegido, construcción de muros sin retranqueos, viviendas sin licencia etc.,

Por todo lo anteriormente expuesto, se propone al Pleno de la Corporación la adopción del siguiente, **ACUERDO**:

ÚNICO: Levantar la suspensión de seis meses en la tramitación del procedimiento de retirada del Ayuntamiento de Nigrán de la Agencia, acordada en sesión de fecha 30/3/2011, manteniendo el acuerdo adoptado por el Pleno de la Corporación, en sesión celebrada el día 23/2/2011, por el que se aprobó revocar la delegación de competencias municipales en la Agencia de Protección de la Legalidad Urbanística (APLU), y en consecuencia, iniciar el expediente administrativo para la retirada del Ayuntamiento de Nigrán, del ente público."

Deliberación.- Síntese das intervencións:

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto: Dálle lectura á moción. A adhesión á axencia levouse a cabo en 2009, co seu voto en contra e o do PP. Xa se prevían prexuízos económicos para Nigrán. Parece que a problemática nosa supera o perfil co que foi creada a Axencia. E ademais non está actuando. A cesión de competencia municipal afecta a solos distintos do rústico, que lle corresponde á APLU. As cantidades a percibir polo Concello non se ingresaron. Tampouco sabe se se veñen pagando as cantidades fixas establecidas no convenio. Nin sequera se sabe se descarga traballo na oficina de urbanismo. O Pleno xa se pronunciou, e o actual Alcalde, entón na oposición, tivo unha posición crítica no momento da adhesión e no da moción posterior para a retirada. Agora, no goberno, mudou a postura. Pensa que é o momento de volver sobre a cuestión.

Sr. Alcalde-Presidente: As competencias en determinados solos xa é da APLU. O convenio dálle tamén competencia nos núcleos. En Nigrán, desde o ano 2009 só 38 casos son de núcleo

rural. Deles resolvéronse 24. No ano 2009 dixeron que naquel momento a adhesión non era o mellor. Desde 2011 resolvéronse moitos máis expedientes que antes. Iso sen prexuízo de que o convenio é mellorable. De momento gastos e ingresos son cero. No solo rústico todo é da Xunta. No de núcleo rural non cobra nada a APLU cando se solicita a legalización. É dicir os casos, nos que a día de hoxe afecta o convenio, son 14. Este debate o que fai é incentivar á Xunta a que mova os expedientes xa, impoñendo multas, etc, e que non espere a que o Plan poida aportar solucións. Neste momento pensa que o que convén é que sigamos na APLU.

D. Juan Antonio González Pérez, do grupo socialista: Sorprende que a moción poida activar os expedientes da Xunta. Tampouco ten nada que ver a cuestión co Plan Xeral. A APLU ten por obxecto mellorar as condicións do medio no que vivimos. A adhesión que propuxo o goberno PSOE-BNG foi adoptada co asesoramento técnico municipal e entendendo que era positiva para Nigrán. No 2011 volveuse a formular a cuestión, cando o PSOE estaba aquí en minoría, pero gobernaba o PP na Xunta, que non entendía a posición do PP de Nigrán. O Pleno estableceu unha moratoria antes das eleccións do 2011, de 6 meses. Cambiou o goberno en Nigrán e nunca máis se soubo da cuestión. ¿Mellorou a APLU? ¿Xa ingresou a parte das multas que nos corresponde?. O problema da APLU é usala como instrumento político. Agora toca decidir se a APLU beneficia ou non aos nosos veciños. O Alcalde non aportou datos sobre as achegas económicas da Xunta. Nin sequera se aportan informes do departamento de urbanismo sobre este asunto. Gustaríalle ter eses datos.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto: Cando se delegou na Xunta o BNG non estaba representado na Corporación, e publicou unha nota crítica. Agora a alternativa é que se exerzan as competencias ou que se deixen de desempeñar as funcións ¿Cal é o camiño? ¿Facer un plan de inspección e actuar con rigor? Como iso non está claro, quedaría como estamos.

D. Ignacio Vilas González, concelleiro non adscrito: Pensa que a APLU non actúa obxectivamente. Por outra parte, quedou en paralizar o que o Plan podía legalizar e non está actuando así. Está en contra de como está actuando.

Sr. Fernández Comesaña: O Alcalde non aportou os informes da actividade da APLU aos que fixo mención. A postura crítica do Alcalde foi clara no seu momento, despois perdeu a coherencia e empezou a inclinarse noutro sentido. Está de acordo co Sr. Vilas en que a APLU non está sendo ecuánime, e diferencia aos afectados segundo a súa condición. O certo é que o Pleno xa acordou saír da APLU e o prazo de suspensión xa pasou, dando paso a unha posición de irregularidade. Isto podería incluso aconsellar a modificación da proposta de acordo. O escenario posterior á saída é o que había antes, cun equipo técnico e administrativo potente. O Concello actualmente segue tendo responsabilidade e gastos de tramitación administrativa. Ao mellor o Secretario pode aclarar a situación da eficacia daquel acordo. Tamén se pode matizar a redacción da proposta.

Sr. Alcalde-Presidente: O Concelleiro sabe cal é a súa postura. A APLU non é unha oficina recadadora. Trátase de restablecer a legalidade. No solo de núcleo rural con posibilidade de legalización primase esta sobre a sanción. Non houbo sancións, e por iso non houbo ingresos. O que se está apreciando é un incremento na resolución de expedientes. O Plan si é un instrumento de solución de problemas. A oficina de urbanismo dedícase a outras cuestións tamén importantes. Teñen clara a súa postura. A decisión tena o Pleno.



Sr. González Pérez: Lamenta o discurso do Alcalde. O PSOE non quere que se poñan nin máis nin menos sancións, senón que nas que se poñan se ingrese a parte do Concello. Non se está cumprindo o que acordou o Pleno. Propón que quede sobre a mesa e se traia con todos os informes ao Pleno próximo, para pronunciarse con coñecemento de causa. Senón votarán a favor da moción.

Sr. Rodríguez Fernández: Carballo, a pesar de ter máis de 30.000 habitantes está na APLU, e o goberno é do BNG, pero iso non quere dicir que non sexa crítico coa APLU. O dispoñer de datos do funcionamento é básico, incluso con carácter periódico. Acepta que o asunto quede sobre a mesa, que se incorpore un informe exhaustivo do funcionamento. Coñece un caso polo menos no que desde aquí se demora a remisión de expedientes á APLU (muro en Monte Lourido), cando se faga a suspensión xa pasou o momento. O debate é oportuno.

Votación e acordo sobre a proposta de que o asunto quede sobre a mesa (art. 92 do ROF).- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17 ; PP, PSOE, Mixto e concelleiro non adscrito.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda que o asunto quede sobre a Mesa.

I.5.- MOCIÓN DO CONCELEIRO D. ANTONIO FERNÁNDEZ COMESAÑA, DO GRUPO MIXTO, SOBRE INSTAR Á CMATI A FORMALIZAR CONVENIO PARA COMPLETAR A URBANIZACIÓN DA RÚA RANS (PO-3340)

A Comisión Informativa de Urbanismo celebrada o 12 de decembro de 2013, acordou dictaminar desfavorablemente a seguinte moción presentada polo concelleiro Sr. Fernández Comesaña (UCN), do grupo mixto:

Exposición de Motivos:

PRIMERO.-La calle Rans en la parroquia de SAN PEDRO, es una importante vía de comunicación y de acceso a Playa América, que en la actualidad presenta desde hace bastante tiempo un estado lamentable, por lo que supone un serio peligro no solo para la circulación rodada, sino también para los peatones, dado que a penas dispone de aceras o éstas están en muy mal estado; ocasionando un serio peligro a los ciudadanos que a diario transitan por ésta calle, con peligro evidente para su seguridad y careciendo de las mínimas condiciones que establece la ley de seguridad vial, así como incumple la ley 8/97 de accesibilidad y supresión de barreras arquitectónicas, de la Xunta de Galicia.

SEGUNDO.- Igualmente, resulta sumamente URGENTE la mejora de los servicios urbanísticos existentes, dada su antigüedad, tales como: Red de saneamiento, red de abastecimiento de aguas, así como incorporar nueva red para pluviales, modernizar la red de alumbrado público con sistemas de ahorro energético etc, así también el soterramiento de líneas eléctricas y de telefonía.

TERCERO.- Existe en el Ayuntamiento proyecto técnico redactado por el ingeniero de caminos D. Roberto Aya Duarte en el año 2004, en el que el coste de ejecución de las obras asciende a la cantidad de: 1.167.290.- € (UN MILLON, CIENTO SESENTA Y SIETE MIL, DOSCIENTOS NOVENTA, EUROS), que requiere su actualización.

CUARTO.- Corresponde la titularidad de éste vial a la Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, de la Xunta de Galicia, identificada con el número PO-3340.

Por todo lo anteriormente expuesto, se propone al Pleno de la Corporación la adopción del siguiente, **ACUERDO**:

ÚNICO: Instar a la Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestructuras, de la Xunta de Galicia, a formalizar convenio con el Ayuntamiento de Nigrán, para la urbanización completa de la calle Rans PO-3340, de acuerdo con lo establecido en las NNSS de planeamiento urbanístico y actualmente en vigor, desde la PO-552 (Vigo-Baiona) hasta la PO-325 (ctra. por la Vía)."

Deliberación.- Síntese das intervencións:

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto: Le a moción. É unha vía autonómica, necesitada de mellora e situada nunha zona de afluencia turística. Ten a súa complexidade na marxe dereita, sobre todo. Non se pode seguir aprazando un proxecto que data do momento no que el era o Concelleiro responsable de infraestruturas. Sería bo acadar o apoio unánime da Corporación. As normas prevén alí unha sección de 20 metros. Serviría para desconxestionar tráfico, entre outras cousas.

Sr. Alcalde-Presidente: Está ben pedir, pero con criterio. O mes pasado fixérono para a 552. O proxecto supera o millón de euros, non está actualizado e contempla expropiacións. A mellora da rúa é un obxectivo. O primeiro sería actualizar o proxecto e valorar o que se pide e debe facer alí, valorando a actuación a día de hoxe, incluso priorizando iniciativas a través da xunta de portavoces. Hai moitas iniciativas coma esta (Canido, Panasco, Manuel González Prado, etc). ¿Vanse activar todos os proxectos redactados? Vaise asinar xa un convenio dun millón de euros coa Xunta, hai que valorar a situación e reflexionar, porque a situación é a que é. As prioridades hai que marcalas desde aquí. Sobre esta iniciativa ten dúbidas.

D. Juan Antonio González Pérez, do grupo socialista: Estarían encantados en que a de Rans se convertese nunha avenida, pero faltan obras moi prioritarias por facer: Centro de Saúde, abastecementos, nas escolas Proval, etc. Votarán a favor da iniciativa, aínda tendo en conta o sinalado.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto: Xa preguntara sobre o asunto nun Pleno porque o estado é lamentable, con falla de beirarrúas e perigo para peóns. O goberno díxolle que tiñan vontade de buscar os fondos para arranxala, pero non se sabe de xestións sobre o particular. Apoiará a petición.

Sr. Fernández Comesaña: Os proxectos son necesarios para facer obras, e se xa os hai mellor. Como o Alcalde no o reclama, faino a oposición. Ata agora os resultados da xestión do Alcalde é pequena. Por pedir non se perde credibilidade. Ademais trátase do mesmo partido nas



demais institucións. Está no programa electoral do PP esta obra. O das expropiacións non debe ser un obstáculo, sobre todo se se busca un acordo previo.

Sr. Alcalde-Presidente: Só coa CMATI, hai máis de 2 millóns e medio de euros conseguidos: saneamento, punto limpo, depósito de Condomínguez. Ninguén ata agora incluíu esa obra nun plan de investimento, tampouco o propoñente. Pide coherencia e el está disposto a cumprir a maioría do seu programa. Non se van opoñer a esta iniciativa e fálanse as xestións necesarias.

Sr. Fernández Comesaña: El si fixo xestións e mantivo contactos. Agora é o momento de arrimar todos o ombro.

Votación e acordo sobre a Moción.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 9; PSOE, Mixto e concelleiro non adscrito.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 8; PP.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar a moción.

II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

II.1.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Aos efectos do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sinálase que dende a convocatoria da sesión estivo a disposición dos Sres. Concelleiros copia dos Decretos da Alcaldía dictados entre o 5 de novembro de 2013 e o 29 de novembro de 2013, ambos incluídos.

II.2.- ROGOS E PREGUNTAS

1.- D. Juan Antonio González Pérez, do grupo Socialista:

1.1. Dixo o Alcalde, cando falaba no punto anterior, que as datas de inicio das obras do Centro de Saúde de Panxón están aí e que as sabe todo o mundo, menos nós. Eu son un deses que non teñen idea, así que, se pode ser, xa que as sabe, ¿pode informarnos?.

Sr. Alcalde-Presidente: Remítase á acta do Pleno anterior, senón llas pasarei por escrito mellor. No Pleno anterior se dixeron publicamente.

2. D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto:

2.1. Quero facer un rogo ao respecto do carril bici, que é coñecido polo problemático e perigoso que é por si mesmo, consecuencia dos recortes no proxecto inicial e de querer construír carrís-bici sen expropiacións, que non cabe. Iso xa non ten remedio, pero se aínda por riba disto lle pomos obstáculos, e aí si ten algo que ver o Concello, entón a situación é peor

e máis grave. Nese sentido quero chamar a atención sobre a colocación dos contedores do lixo, que en moitos casos están invadindo o carril bici, co cal impide que sexa usado para o que é, e provocan situacións obxectivas de risco. E en concreto, por centrar o tema e que se vexa a problemática que supón, quero detallarlles tres que agora mesmo poden ir a ver, que están na situación que estou comentando. Dous deles están máis ou menos á altura do cruce de Patos, un dirección a Vigo e outro dirección a Nigrán, que están invadindo o carril bici, coas consecuencias de perigo que ten, especialmente cando é utilizado por adultos e por nenos. Quero chamar a atención en que algún deles se cambiou de sitio. Debeu protestar o veciño que o tiña ao lado. Se cambiou para enfrente, e taparon o sitio onde se puña, entón se volveu a por para o outro lado. En definitiva, o emprazamento final invade o carril bici. O terceiro ao que me refiro está ao lado do restaurante La Cuesta de Claudia, onde, a pesar de ter sitio para poñelo para dentro, o contedor está no carril bici. Non sei se a alguén lle interesa deixar sitio para aparcar o coche. Non o sei, pero esa é a consecuencia. Insisto, probablemente a estas alturas non podemos facer nada con respecto ao perigo do carril, pero o que si podemos facer, e é cuestión do Concello, é vixiar e facer que os contedores non invadan o carril, por unha cuestión, que o que hai que ter claro é que a colocación dos contedores no carril bici nunca é unha opción. Igual que non se contempla en ningún momento colocar un contedor diante dun portal, por exemplo, pois no carril bici tampouco pode ser unha opción. Terán que buscar a solución adecuada a cada momento.

Sr. Alcalde-Presidente: Tomo nota. Algúns xa están cambiando.

D. José Álvarez Valverde, concelleiro delegado: O da Cuesta de Claudia fomos a miralo cos da Xunta. Vanlle por un arco diante para que non o boten para fóra. O que está no semáforo antes do cruce de Patos o mesmo, e o outro tamén. Están para solucionar xa.

3. D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto: Non teño nin rogos nin preguntas. Desexarlles felices festas.

Sr. Alcalde-Presidente: Felices festas.

Ó non haber máis asuntos que tratar, rematouse o acto, e o Sr. Alcalde levantou a sesión á hora anteriormente consignada, do que eu, Secretario, dou fe.